



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR (FUNDACIÓN
CETMAR) PARA O PROXECTO “CONSOLIDACIÓN, REFORZO
INSTITUCIONAL, LIDERAZGO E GOBERNANZA DOS PROXECTOS DA
COOPERACIÓN GALEGA EN MOZAMBIQUE”**

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, don Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, dona Paloma Dolores Rueda Crespo, na súa calidade de directora xerente da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (en adiante Fundación CETMAR), clasificada como de interese benéfico-social por Orde da Consellería da Presidencia e Administracións Públicas do 2 de xullo de 2001 (DOG do día 13 do mesmo mes e ano), e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura do 20 de xullo de 2001 (DOG do día 27 do mesmo mes e ano), figurando inscrita co número 2001/15, e que intervéñ por conta e en representación da devandita Fundación, con capacidade para vinculala neste acto en exercicio das facultades delegadas por acordo adoptado polo seu Padroado na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2002.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Xunta de Galicia, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, vén executando proxectos e programas en países cun baixo índice de desenvolvemento humano



1
Recibo



por medio dos instrumentos de cooperación técnica e económica en colaboración con outros entes, públicos e privados, co criterio orientador de que as transferencias de coñecemento inducen á innovación e ao cambio técnico nos países receptores, coadxuvando desta forma ao seu crecemento económico duradeiro.

Que dada a experiencia e capacidades que a Xunta de Galicia ten acumuladas no ámbito pesqueiro e acuícola, considérase este sector como aquel no que se pode aportar un maior valor engadido nas súas intervencións, tal e como se vén poñendo de manifesto en diversas rexións e países, como Mozambique, onde existe xa un importante traballo de acompañamento e apoio ás administracións e institucións pesqueiras e acuícolas.

Segundo.- A Fundación CETMAR ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e a súa constitución promoveuna a Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado, a través da Secretaría de Estado de Política Científica e Tecnolóxica do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Terceiro.- A Fundación CETMAR ten como obxecto fundacional nos seus estatutos o fomento e a execución de todas aquelas accións necesarias para a conservación e o aproveitamento responsable do medio mariño e dos seus recursos, en especial no que respecta ao litoral galego, incluíndo as actividades de formación, investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. Neste sentido recolle como finalidade, entre outras, a realización de accións executivas concretas fronte a demandas puntuais (análise, informes, asesoramento, axuda nas propostas e realización de actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, transferencia de tecnoloxía, formación e programas de cooperación nacional e internacional).

A Fundación CETMAR para o desenvolvemento deste proxecto conta, de acordo co establecido no artigo 24.1 apartado d) da Lei 3/2003, de cooperación para o desenvolvemento, con dous socios locais: o Instituto Nacional de Desenvolvemento de Pesca e Acuicultura (IDEPA) e o Instituto Nacional de Investigación Pesqueira (IIP), ambos dependentes do Ministerio do Mar, Águas interiores e Pescas de Mozambique.

Cuarto.- A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento establece, como ámbito de actuación preferente da Cooperación Galega, apoiar aos países con menor grao de desenvolvemento, en especial aqueles que conteñan amplas capas da súa sociedade en extrema situación de necesidade, potenciar os recursos humanos e materiais deses pobos e atender as situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas. Asemade, no III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017 considérase a Mozambique dentro das prioridades xeográficas.



2



Quinto.- A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, órgano superior da Administración autonómica da cooperación ao desenvolvemento, consonte o establecido no artigo 32 do Decreto 72/2013, do 25 de abril, modificado polo Decreto 11/2015, do 5 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera axeitado e conveniente contribuír ao fomento e desenvolvemento da pesca e da acuicultura en Mozambique como medio para loitar contra a pobreza e garantir a soberanía alimentaria.

A singularidade e especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza específica da entidade destinataria da subvención que cumpre coas prioridades sectoriais que recolle a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, así como a súa necesaria posta en marcha, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Sexto.- Por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación CETMAR no proxecto denominado "Consolidación, reforzo institucional, liderazgo e gobernanza dos proxectos da Cooperación Galega en Mozambique".

O proxecto ten como obxectivo xeral o de contribuír a loitar contra a pobreza, mellorar as condicións de vida e a seguridade alimentaria das comunidades rurais e áreas costeiras da provincia de Cabo Delgado, Mozambique.

SEGUNDA.- Obrigas da Fundación CETMAR

A Fundación CETMAR deberá:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Aportar 5.000,00 € para a execución do proxecto.
3. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.



3
P. Rueda



4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial e nos rexistros públicos, consonte co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións públicas de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Fundación CETMAR comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio e ao sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas nel, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas de Galicia.

7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

8. Xustificar, previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia.

9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.

10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos obxectivos, resultados, prazo de execución ou variación do custo total do proxecto ou das partidas orzamentarias en máis dun 20% do inicialmente aprobado. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.





TERCEIRA.- Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do custo total do proxecto, que se estima en noventa e seis mil setecentos vinte e seis euros con sesenta e un céntimos (96.726,61 €), aboará á Fundación CETMAR a contía máxima de noventa e un mil setecentos vinte e seis euros con sesenta e un céntimos (91.726,61 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

A Fundación CETMAR poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da Fundación CETMAR, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

CUARTA.- Pagos anticipados

Trala sinatura do presente convenio e previa petición da Fundación CETMAR, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea concederá un anticipo pola contía máxima do importe do convenio, de acordo co previsto na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos que leva consigo a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se





aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Xustificación do proxecto

A xustificación do proxecto efectuarase por parte da Fundación CETMAR mediante a presentación da xustificación técnica e económica da execución das actividades subvencionadas, nun prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e con data límite o 31 de marzo de 2018.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos realizarase de conformidade co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007.

A Fundación CETMAR deberá presentar:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo secretario da Fundación.
- Unha certificación dos gastos realizados e pagados na execución deste convenio, expedida polo secretario da Fundación.
- Unha declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que a Fundación CETMAR indique mediante a presentación da certificación expedida por ela, na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.





Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

SEXTA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

SÉTIMA.- Publicidade

A Fundación CETMAR obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade.

OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, e un representante da Fundación CETMAR.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.





- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento da Fundación CETMAR.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2017, incluíndo as actuacións iniciadas dende o mes de xaneiro de 2017, conforme ao establecido nos artigos 2 apartado 1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da execución anticipada e conforme, a plena satisfacción, dos gastos cofinanciados pola achega da Xunta de Galicia.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DUODÉCIMA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade destas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da existencia das responsabilidades administrativas e penais a que proceda.



8



Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerese polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017 e demais normativa que lle sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase por duplicado polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA



Alfonso Rueda Valenzuela

A DIRECTORA XERENTE DA
FUNDACIÓN CETMAR



Paloma Dolores Rueda Crespo

ANEXO

OBXECTIVOS E RESULTADOS

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Consolidar a actividade acuícola e pesqueira como estratexia de loita cotra a pobreza e reforzo da dieta alimentaria a través do fortalecemento das capacidades institucionais para a toma de decisións e o desenvolvemento dos acuicultores rurais e pescadores artesanais da provincia de Cabo Delgado, Mozambique.

Resultado 1: Creados espazos de intercambio e diálogo a través do deseño e implementación dun protocolo de actuación onde estean presentes o sector, as administracións locais, provinciais e nacionais e a administracións pesqueira e acuícola.

Actividade 1.1. Realización dun seminario de traballo de todos os actores implicados na pesca e a acuicultura a pequena escala.

Actividade 1.2. Deseño e implementación dun protocolo para a xestión da información.

Resultado 2: Consolidado o censo acuícola e a actividade pesqueira na provincia de Cabo Delgado como actividade xeradora de ingresos e alimento.

Actividade 2.1. Formación de persoal técnico extensionista de Cabo Delgado no uso da aplicación para o censo de acuicultores.

Actividade 2.2. Estudo das posibles necesidades de alevíns na zona.

Actividade 2.3. Seguimento e reforzo do cultivo piloto de moluscos.

FINANCIAMENTO

Financiamento Xunta de Galicia	
Concepto	Ano 2017
Bens consumibles	6.325,00
Persoal	23.400,00
Servizos técnicos e profesionais	36.000,00
Funcionamento en terreo	700,00
Viaxes, aloxamento e axudas de custo	16.208,28
Gastos financeiros	300,00
Custos administrativos e de xestión	8.793,33
Total	91.726,61 €

Achega Fundación CETMAR	5.000,00 €
--------------------------------	-------------------

Total proxecto	96.726,61 €
-----------------------	--------------------

